

# Desenvolvemento do Plan Dixital

## IES Ramón Otero Pedrayo

A Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022, estableceu a necesidade de deseñar, elaborar e implementar un Plan Dixital en todos os centros educativos.

No curso pasado 2021-22 se completaron as fases de deseño e elaboración deste plan, nas que se analizaron a situación de partida do centro mediante o Informe SELFIE, o Test CDD e un análise DAFO. Por outra banda, tamén se propuxeron obxectivos con accións concretas, que se resumen a continuación:

- Obxectivo 1: Fomentar o uso de ferramentas dixitais corporativas na práctica docente.
  - AO1.1: Grupo de traballo de aprendizaxe colaborativo entre o profesorado.
  - AO1.2: Realización de contidos dixitais para as materias do profesorado por parte do grupo de traballo.
  - AO1.3: Enquisa final.
- Obxectivo 2: Fomentar traballos colaborativos do alumnado a través de ferramentas dixitais corporativas e de software libre.
  - AO2.1: Creación de stock de recursos dixitais colaborativos para empregar co alumnado (Ex: Foros, Wikis, documentos en liña...)
  - AO2.2: Incluir nas PDs unha porcentaxe da calificación asociado a traballo colaborativo dixital.
  - AO2.3: Avaliación final/memoria dos resultados.
- Obxectivo 3: Procura de información fiable e precisa en internet por parte do alumnado.
  - AO3.1: Incorporación de 2 sesións no PAT adicadas ao uso fiable e preciso da información en internet.
  - AO3.2: Recopilación o creación de recursos para a formación do alumnado por parte dos/das titores/as.
  - AO3.3: Enquisa final ao alumnado.

Os contidos completos deste Plan Dixital pódese atopar na páxina web do centro na seguinte ligazón:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/iesoteropedrayocoruna/node/2622>

Durante este curso académico implementaranse as accións do Plan Dixital según se indica nas seguintes seccións.

## **Obxectivo 1: Fomento das TIC na práctica docente**

O eixo fundamental para levar a cabo este obxectivo serán os grupos de traballo enmarcados no PFPP do centro. En particular, aprobáronse as seguintes liñas de traballo:

- **Enriquecemento da aula virtual:** Traballarase formación básica sobre a xestión da aula virtual e outras ferramentas dispoñibles no centro. Está pensada para o profesorado que non estea familiarizado co manexo da aula virtual.
- **Desenvolvemento do Plan Dixital do centro:** Esta liña estaría pensada para traballar elementos máis avanzados da aula virtual e outras ferramentas interactivas, xunto coa creación de recursos que se poidan reutilizar na práctica docente.

O cumprimento deste obxectivo avaliarase mediante unha enquisa ao final da terceira avaliación.

## **Obxectivo 2: Fomento do traballo colaborativo con TIC**

Neste obxectivo preténdese que o alumnado aprenda a traballar de forma colaborativa utilizando ferramentas dixitais. No marco deste Plan Dixital promoverase o uso da propia aula virtual xunto coas ferramentas que xa ofrece para este propósito: wikis, foros, obradoiros, etc. O profesorado deberá determinar que recursos se axustan mellor aos obxectivos e criterios de avaliación de cada materia.

Tamén se elaborará un repositorio con tutoriais sobre manexo de ferramentas básicas informáticas co obxectivo de que se poidan establecer requisitos homoxeneos entre materias sobre as características técnicas dos documentos elaborados como resultado do traballo do alumnado. Exemplos de temática destes tutoriais serán: elaboración dun índice, inclusión de numeración de páxinas, inclusión de distintos formatos de páxina, bases bibliográficas, etc.

Ademais, reservarase un recreo á semana para ofrecer axuda dende o equipo de biblioteca ao alumnado que teña dificultades nestas destrezas básicas.

Por outra banda, a acción AO2.2. deste plan consiste en establecer criterios de avaliación que teñan en conta o traballo colaborativo nas TIC nas programacións didácticas. As achegas de cada departamento atópanse no anexo final.

## **Obxectivo 3: Procura de información fiable**

Durante a elaboración do Plan Dixital detectouse que o alumnado ten moitas dificultades para identificar información fiable na rede e para acreditar e referenciar correctamente traballo alleo. A maiores, tamén se considerou que sería interesante ofrecer formación sobre os riscos no uso das redes.

Para cumprir con este obxectivo, dende o Departamento de Orientación ofrecéronse obradoiros nos que se traballarán aspectos relacionados co bo uso, a seguridade e o acoso a través das novas tecnoloxías.

Por último, tamén se elaborarán guías sobre o uso de licenzas e a correcta atribución dos traballos que estarán dispoñibles na aula virtual do centro

# **Anexo**

Achegas dos Departamentos Didáticos ao Plan Dixital

# PLAN DE ACTUACIÓN PARA O FOMENTO DAS TIC.

## Departamento de Matemáticas

Parécemos fundamental apoiar á innovación e promover a utilización das TIC no proceso ensino-aprendizaxe da nosa materia.

Para afrontar os desafíos do novo curso escolar, como xa o fixemos o curso anterior, impulsaremos o uso das novas tecnoloxías para poder facilitar a comprensión e asimilación dos contidos que imos a desenvolver e como instrumento de avaliación.

Unha vez detectadas as carencias tecnolóxicas do alumnado para afrontar o curso 2022-23, traballaremos para que todo o alumnado poida ter a súa disposición os recursos e soportes dixitais necesarios para pode ter unha continuidade proceso ensino-aprendizaxe en calquera dos escenarios que se podan dar este curso. Desde o Departamento de Matemáticas desenvolveremos actividades que impliquen a utilización de recursos dixitais.

Facemos aquí relación das liñas básicas que guiarán as actuacións que realizaremos e que constituirán a nosa achega ao plan de fomento das TIC do centro, xa que consideramos que a utilización das novas tecnoloxías beneficia a aprendizaxe da nosa materia.

### ***Obxectivos.***

- Participar na mellora e dinamización da páxina web do instituto.
- Utilizar os cursos da Aula Virtual como recurso importante no desenvolvemento da materia.
- Utilizar a Aula Virtual e plataformas, como webex, como medio de comunicación profesorado - alumnado cando se precise.
- Incorporar as TIC como un recurso importante do que poida dispoñer o alumnado no desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe.
- Promover a utilización racional dos medios informáticos, procurando a mellora no manexo de equipos e programas.
- Utilizar as TIC como unha ferramenta útil para obter, interpretar e avaliar información, seleccionándoa de maneira crítica.
- Dispoñer da información obtida para utilizala respectando as limitacións legais.
- Promocionar a utilización dos servicios de Internet: consulta de páxinas web, correo electrónico, grupos de noticias, foros e transferencias de arquivos.
- Manexar recursos e programas para resolver cuestións directamente relacionados coas matemáticas.
- Expoñer traballos e proxectos coa axuda dos medios audiovisuais e das TIC utilizando diferentes programas.
- Manexo de programas: procesadores de texto, follas de cálculo, presentacións,...
- Acadar unha mellora na comprensión de contidos matemáticos a través da investigación e da simulación.

### ***Recursos.***

Para realizar as actividades directamente relacionadas coas tecnoloxías da información e da comunicación, teremos en consideración os recursos dos que pode dispoñer o alumnado a nivel particular e os recursos existentes no centro.

As aulas do centro están equipadas con ordenador, vídeo-proxector e encerado dixital, o que representa unha axuda que redunda positivamente no labor docente.

En relación cos recursos que teñen que ver co *software* utilizaremos algún paquete ofimático de distribución libre (Libre Office, fundamentalmente) ou aqueles que temos agrupados nos enlaces denominados *Actividades e recursos propios* e *Enlaces a sitios externos* que se atopan no apartado reservado para o departamento de matemáticas dentro da páxina web do centro, no seguinte enderezo:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/iesoteropedrayocoruna/>

### ***Actuacións do departamento de matemáticas para o fomento das TIC.***

Para potenciar e mellorar na utilización das tecnoloxías da información e da comunicación, traballaremos seguindo as seguintes liñas:

- Participación en actividades de formación relacionadas coas TIC por parte do profesorado do departamento.

- Utilizar as versións dixitais dos libros de texto.

A versión dixital dos libros de texto cos que traballamos actualmente, poñen ao dispor do alumnado e do profesorado unha importante colección de recursos web dos que debemos tirar o maior proveito.

- Manter actualizada e promover a utilización da sección do departamento de matemáticas dentro da web do centro.

O espazo do departamento de matemáticas, dentro da web do centro, utilízase, basicamente, para acadar dous obxectivos: proporcionar informacións que sexan útiles para o alumnado e as familias e tamén para facilitar recursos didácticos para os estudantes.

- Utilización dos cursos do departamento creados **na aula virtual**: para realizar probas, entregar tarefas, expoñer contidos e como recurso no proceso ensino-aprendizaxe.

- Proposta de proxectos e traballos de indagación e investigación.

Proporemos traballos de investigación sobre diferentes temas matemáticos.

O obxectivo prioritario será introducir técnicas para realizar un traballo de indagación ao tempo que se investigan ou se repasan temas matemáticos.

Nas *guías de investigación* correspondentes ás actividades de lectura que incluímos na nosa páxina web, súxírese unha colección de propostas.

- Proxeccións e presentacións.

A proxección de películas, vídeos e reportaxes relacionados con temas matemáticos teñen gran importancia á hora de establecer diferentes puntos de vista e de relacionar contidos matemáticos con outros campos científicos e coa vida cotiá.

A utilización do encerado dixital e de presentacións dixitais aumentan o dinamismo do discurso cando o alumnado expoña os seus traballos de investigación ou cando o profesorado realice as súas explicacións ou queira ofrecer exemplos significativos que faciliten a comprensión, sobre todo nos bloques de xeometría, estudo de funcións e estatística.

➤ Utilización de programas e aplicacións informáticas.

Será recomendable que cando desenvolvamos cada unha das unidades, realicemos algunha actividade na que o alumnado utilice de maneira directa os recursos dixitais..

Con este obxectivo, na nosa páxina web existen os enlaces, que se mencionaron anteriormente, para ter ao noso dispor recursos axeitados (Wiris, Geogebra e outros) que nos permitirán desenvolver actividades para fomentar a utilización das TIC e promover que o alumnado utilice os recursos informáticos dos que dispoñemos, tanto no centro como a nivel particular. Empregaremos as seguintes ferramentas:

<i>Tarefa ou bloque</i>	<i>Recursos</i>
Comunicación de información	Procesador de textos, presentacións, elaboración de vídeos
Números	Procesador de textos, Wiris
Álgebra	Wiris, Geogebra
Funcións	Wiris, Geogebra
Xeometría	Wiris, Geogebra
Estatística	Folla de cálculo, páxina IGE

***Avaliación.***

*Avaliación do alumnado:*

O alumnado deberá ter claro, e así llo transmitirán os membros do departamento, que as actividades relacionadas coas TIC **intervirán nas súas cualificacións**, xa que hai un apartado en cualificacións que incorpora a **actividade na aula virtual do curso correspondente** e será un instrumento de avaliación da materia tal e como se indica na programación didáctica do departamento.

*Avaliación do plan:*

Para valorar o cumprimento deste plan de fomento das TIC ao longo do curso, utilizaremos un cuestionario de control trimestral que forma parte do plan de traballo do departamento.

Por este motivo, o plan TIC do departamento de matemáticas estará suxeito a continua revisión por parte do profesorado que tratará en común os atrancos, os logros e as propostas de modificación no transcurso das reunións do departamento

## ***CONTRIBUCIÓN DO DEPARTAMENTO DE BIOLOXÍA E XEOLOXÍA AO PLAN DIXITAL***

O departamento de Ciencias Naturais considera que as ferramentas dixitais son indispensabeis para acadar un mínimo de coñecementos en calquera dos eidos do saber polo que contribuímos ó Proxecto Dixital do seguinte xeito:

### **Obxectivos:**

- Utilizar diferentes ferramentas dixitais (presentación, vídeos, carteis, ...) para analizar conceptos e procesos das ciencias biolóxicas e xeolóxicas.
- Realizar búsquedas de información de forma correcta discernindo que páxinas poden ser fiables e cales non para obter un bo resultado.
- Identificar, localizar e seleccionar información, contrastando a súa veracidade para resolver preguntas relacionadas coas ciencias biolóxicas e xeolóxicas.
- Utilizar unha aula virtual e todos os procesos relacionados con ela: subir documentos, buscar información, ...
- Realizar distintos produtos dixitais: presentación, carteis, vídeos, audios, ... como produto final dunha búsqueda de información para expoñela en clase.
- Coñecer distintas apps que permitan descargar imaxes, música e vídeos libres de dereitos de autor usándoas para realizar os seus produtos dixitais finais.
- Utilizar de forma correcta os procesadores de texto usando as función básicas (tipo de letra, párrafo, inxerir fotos, márxenes, ...) para realizar ás presentacións.
- Iniciarse no uso de editores de vídeos, fotos e audios, usando distintos programas para realizar un vídeo no que explicarán un proceso biolóxico ou xeolóxico.

### **Actividades:**

- Exposición dos contidos con apoio do proxector dixital, visionando presentacións, esquemas, vídeos, fotos, conferencias, ....
- Búsqueda dixital co ordenador de clase e en gran grupo das dúbidas xurdidas en clase.
- Búsqueda de información por parte do alumnado e en pequeno grupo ou individual nas tablets e na aula de informática do instituto.
- Realización por parte do alumnado e en pequeno grupo dun traballo presentación , tipo powerpoint, prezi, ...
- Exposición dese traballo na clase, usando o proxector e pantalla dixitais.
- Subida á aula dixital de distintas actividades: fotos, os traballos presentación, dúbidas, ....
- Realización de carteis e muráis con distintos programas editores.
- Realización dun vídeo titorial explicando procesos biolóxicos e xeolóxicos.



### **Avaliación:**

Todas as actividades expostas no plan dixital do departamento están avaliadas nas distintas unidades da Programación do Departamento, cos criterios de avaliación seguintes :

#### **BIOLOXÍA E XEOLOXÍA 1º ESO e 3º ESO (LOMLOE):**

BX CA1.1 - Analizar e explicar conceptos e procesos biolóxicos e xeolóxicos interpretando a información obtida en diferentes formatos cunha actitude crítica e chegando a conclusións fundamentadas.

BX CA1.2 - Resolver cuestións sobre bioloxía e xeoloxía localizando, seleccionando e organizando información de distintas fontes e citándoas correctamente.

BX CA1.6 - Presentar as conclusións do proxecto de investigación mediante o formato e as ferramentas dixitais adecuadas, interpretando os resultados e a información obtida a través da experimentación e da observación de campo.

BX CA2.1 - Facilitar a comprensión e a análise de información sobre procesos biolóxicos ou traballos científicos transmitíndoa de forma clara e utilizando a terminoloxía e os formatos adecuados.

BX CA5.1 - Explicar procesos biolóxicos ou xeolóxicos utilizando coñecementos, datos e información achegados, o razoamento lóxico e recursos dixitais.

#### **BIOLOXÍA E XEOLOXÍA 4º ESO (LOMCE):**

- Buscar e analizar información científica e a investigación no campo das Ciencias, así como descubrir os principais investigadores actuais.
- Utilizar distintas fontes de información en función das súas necesidades, discriminando con coherencia a súa procedencia e integrando os coñecementos adquiridos.
- Utilizar fontes de información, apoiándose nas TIC, para a elaboración e a presentación das súas investigacións.
- Identificar tipos de células utilizando o microscopio óptico, micrografía e esquemas gráficos.

#### **PROXECTO COMPETENCIAL 1º ESO E 3º ESO (LOMLOE)**

PC-CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa usando soporte dixital.

PC- CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais dixitais previstos para a execución das actuacións.

PC- CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.

A Coruña, 14 de Outubro de 2022  
Asinado: María I. Varela López  
(Xefa do Departamento de Ciencias)

## **EDUCACIÓN PLÁSTICA, VISUAL E AUDIOVISUAL.ACTUACIÓNS DE FOMENTO DAS TIC.**

As principais accións de fomento das TIC desde a materia de Educación Plástica, Visual e Audiovisual son:

- Actualización dunha aula virtual por nivel.**
- Utilización dos equipos informáticos e de proxección das aulas para impartir os contidos.**
- Propostas de traballos audiovisuales en 3º e 4º de ESO, utilizando soporte dixital.**
- Alentar ao alumnado á utilización de Internet para a documentación e investigación.**

No mundo actual e impensable non recorrer ao mundo da informática e ao audiovisual. Polo tanto utilizaráanse na área de Plástica as novas tecnoloxías, como un recurso moi importante. Vanse utilizar nos aspectos que son fundamentais para proceso de aprendizaxe da área, tanto de forma individual como de grupo.

Son unha ferramenta fundamental do profesor para a explicación dos temas, propostas de exercicios e proxección de exemplos, ben de traballos fotografiados dos propios alumnos - iremos elaborando un arquivo- ou recurrido aos materiais elaborados polas profesoras ou recollidos da rede.

Dende o curso 2016/17 foise elaborando un aula virtual para cada un dos niveis, onde están recollidas as unidades didácticas cos contidos teóricos e exemplos dos traballos prácticos, moitas veces imaxes de láminas elaboradas polos propios alumnos, tanto do ano académico en curso como de outros anteriores. Ditas aulas virtuais pretenden ser continuamente actualizadas e completadas.

Nos tres cursos de Educación Plástica e Visual hai temas referidos á imaxe tecnolóxica, polo que cando toquemos estes temas abordaremos directamente o uso das novas tecnoloxías.

Por outra banda, alentarase ao alumnado a utilizar de xeito individual e persoal as novas tecnoloxías, buscando información na rede para ampliar coñecementos, documentarse para realizar os traballos tanto teóricos como prácticos; e sobre todo, a utilización da aula virtual en todos os niveis como apoio fundamental na práctica e no estudo dos contidos.

En 3º e 4º de ESO este curso 2022/23 será obrigatorio presentar un traballo teórico-práctico en soporte dixital polo menos nunha avaliación. Ditos traballos suporán un 20% da cualificación de cada avaliación en 4º de ESO, en 3º un 30%.



### CONTRIBUCIÓN AO PLAN DIXITAL

As novas tecnoloxías dan acceso a unha gran cantidade de información. A súa incorporación ao sistema educativo facilita a aprendizaxe e, xa que logo, debemos fomentar que o alumnado se familiarice con eses medios e adquiran as competencias necesarias para facer uso dos mesmos, tanto ao longo dos seus estudos como no mundo do traballo ou da formación continua cando sexan adultos.

Para iso traballaremos fundamentalmente coa Aula Virtual do centro, para realizar exercicios de repaso de gramática e vocabulario online, ver vídeos con resumos explicativos e para comunicarse vía a mensaxería da AV. Así mesmo, solicitarémoslles que entreguen certas tarefas a través da AV, como por exemplo as redaccións trimestrais ou os vídeos para avaliar a parte oral. Deste xeito poderemos valorar a súa competencia dixital no manexo de procesadores de texto, correo electrónico, conversión a outros formatos, edición de vídeo, etc.

<b>Obxectivos:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Favorecer a aprendizaxe da lingua estranxeira.</li> <li>▪ Adquirir habilidades tecnolóxicas e comunicativas.</li> <li>▪ Facilitar o acceso á información en soporte dixital.</li> <li>▪ Investigar e contrastar información.</li> <li>▪ Facer un uso adecuado de Internet, as redes sociais, e-mail, foros, móbiles, aplicacións, etc.</li> <li>▪ Crear documentos en formato dixital.</li> <li>▪ Descargar e compartir recursos.</li> </ul>
<b>Recursos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Conexión a Internet do centro</li> <li>▪ Ordenador portátil do profesor</li> <li>▪ Ecerado dixital interactivo</li> <li>▪ Aula virtual do centro.</li> </ul>
<b>Programas e aplicacións:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Páxinas web</li> <li>▪ Procesadores de texto</li> <li>▪ Youtube</li> <li>▪ Redes sociais</li> <li>▪ Aplicacións diversas</li> </ul>
<b>Outros</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Aula de informática (en determinadas ocasións)</li> </ul>

## **DEPARTAMENTO DE INGLÉS**

### **PLAN TIC    Curso 2022 - 2023**

O uso das novas tecnoloxías da información e da comunicación por parte do alumnado da ESO é un dos obxectivos principais nesta etapa. Trátase de que o alumno, ao remate da educación secundaria obrigatoria teña unha competencia dixital aceptable, que lle permitirá desenvolverse non só en contornos de aprendizaxe, seno tamén na súa futura vida laboral.

O departamento de inglés contribuirá necesariamente neste aspecto, xa que o coñecemento dunha lingua estranxeira permitirá ao alumno ampliar as súas posibilidades de acceso á información.

Entre as estratexias que o departamento levará a cabo para contribuír a tal fin, e tendo en conta os recursos dispoñibles no propio centro, sinalaremos as seguintes:

#### **a. PROFESORADO:**

- Uso dos ipack dixitais dos libros de texto e de exercicios nos taboleiros dixitais de aula en todos os niveis. Ditos libros dixitais contan con gran cantidade de material audiovisual: vídeos comunicativos, vídeos culturais, slideshows, presentacións de vocabulario, animacións gramaticais, exercicios e xogos interactivos, etc.
- Aula virtual para aloxar os diferentes cursos que ten abertos o departamento.
- Uso da internet na aula como fonte de información complementaria aos contidos prescritos.
- Páxina web do centro na que o departamento de inglés difundirá programacións didácticas, datas de exames pendentes, convocatorias de becas/ axudas á formación do alumnado en linguas estranxeiras, enlaces de interese, etc.
- Uso das novas tecnoloxías para a comunicación cos pais/titores do alumnado.

#### **b. ALUMNADO:**

- Realizar exercicios nas taboleiros dixitais das aulas.
- Uso da sección: IS- Interactive Student - na páxina web ([www.burlingtonbooks.es/IS](http://www.burlingtonbooks.es/IS)) con actividades extra para o alumnado.

- Uso da aplicación Word App para móbil con descarga gratuíta para o alumnado en [www.burlingtonbooks.es/WA](http://www.burlingtonbooks.es/WA) .
- Uso da Student's website proporcionada pola editorial: [www.oup.es](http://www.oup.es) na sección OOLZ- Oxford Online Learning Zone- con e-magazines, vídeos, webquests, podcasts, quizzes and games.
- Uso de dicionarios en liña.
- Uso de internet como fonte de información para realizar traballos orais e escritos sobre diversos temas.
- Uso de internet para comunicarse por e-mail con compañeiros ou con mozos e mozas doutros países.
- Uso das TIC para a presentación de traballos.

### **c. SECCIÓNS BILINGÜES:**

No presente curso 2022-23 estase a impartir no centro unha sección bilingüe en inglés na materia optativa **TIC de 4º ESO**. Pensamos que impartir esta materia en inglés favorece tanto o aprendizaxe da lingua estranxeira en xeral, como á formación do alumnado nas TIC no contexto actual, no que o coñecemento do inglés é practicamente imprescindible.

**CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TIC**  
**DEPARTAMENTO DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA**  
**CURSO 2022-2023**  
**IES RAMÓN OTERO PEDRAYO**

O Departamento de Lingua Castelá e Literatura contribuirá ao desenvolvemento do Plan de Integración das TIC no instituto nos cursos de 1º, 2º, 3º e 4º de ESO.

Nos grupos de 2º de ESO contamos con aulas ABALAR polo que o alumnado ten a posibilidade de traballar as novas tecnoloxías de forma máis personalizada xa que disporá dun ordenador portátil, polo que o uso das TIC será unha constante en todas as clases sempre que as condicións dos equipos o permitan, pois a maioría están obsoletos e observan mal funcionamento.

Algunhas actividades deseñadas nos diferentes cursos para desenvolver esta competencia son:

- 1.- Busca de información utilizando as novas tecnoloxías: dicionarios dixitais, páxinas Web, periódicos dixitais, blogs, foros,...
- 2.- Elaboración de traballos que recollen de forma organizada a información atopada nos distintos medios. Para iso deben aproveitar as vantaxes que ofrecen os procesadores de texto.
- 3.- Creación de textos multimedia facendo uso de distintas ferramentas dixitais.
- 4.- Traballo dixital na aula de informática: repaso dos contidos da materia con xogos creados polas profesoras ou accesibles en diferentes webs (Trivinet, Kahoot, Educaplay, etc.).
- 5.- Creación de traballos de exposición, escrita ou oral, empregando as TIC: presentación en Power Point, Canvas ou Genially; creación de Booktrailer; creación de vídeos tipo Whiteboard, etc.

## 8.2. Actuacións de fomento das Tic (Lingua e Literatura Galega)

### PLAN TIC

A competencia dixital implica que o alumno/a debe ser unha persoa autónoma, eficaz, responsable, crítica e reflexiva ao seleccionar, tratar e utilizar a información e as súas fontes, así como as distintas ferramentas tecnolóxicas; tamén ter unha actitude crítica e reflexiva na valoración da información dispoñíbel, contrastándoa cando é necesario, e respectar as normas de conduta acordadas socialmente para regular o uso da información e das súas fontes nos distintos soportes.

Ademais da contribución en todas as unidades didácticas ao desenvolvemento desta competencia, participaremos na consecución do obxectivo de mellora da competencia dixital e do uso das novas tecnoloxías do Plan Xeral Anual do Centro a través das seguintes actuacións:

- Utilización por parte do profesorado das ferramentas tecnolóxicas dispoñibles no centro nas súas presentacións e actividades: ordenador, canón e pizarra dixital.
- Emprego do espazo Abalar, da Aula Virtual, docs. ou do correo electrónico como medio de intercambio de información e documentación.
- Dar continuidade ao uso da Aula Virtual, inseríndoo na práctica diaria.
- Participación na actualización da páxina web do centro no tocante ao noso departamento e no blog do Dpto. e do EDLG (Gastalingua).
- Emprego de internet para a busca e selección de información relevante para a



elaboración de proxectos de traballo e para presentacións en diferentes formatos .

- Realización de actividades na rede, cando menos unha vez ao trimestre, visitando ligazóns de páxinas interactivas de contidos lingüísticos ou literarios.
- O alumnado terá que utilizar un procesador de textos na elaboración dalgúns dos traballos escritos esixidos, e tamén os terá que presentar posteriormente ben a través da Aula Virtual, ou do correo electrónico.
- O departamento conta cun blog desde hai uns anos, "Gastalingua", no que imos colgando información do interese do alumnado, tanto relacionado coa lingua e a cultura galegas como cos traballos diarios da aula, comentarios, vídeos e fotografías sobre as diversas actividades realizadas tanto dentro como fóra do instituto.

## **Achegas ás TICs do Departamento da Música.**

Como expón o Plan de Integración das TICs deseñado para este centro, todos os departamentos vense implicados e comparten neste ámbito os contidos e obxectivos expresados no mesmo. A continuación se delimitan os materiais e procedementos que permitirán desenvolver este Plan de Integración do ámbito da materia de Música.

As actividades deseñadas para desenvolver as TICs son as seguintes:

a) Selección nos medios audiovisuais dos que dispoña o alumnado de anuncios publicitarios e gravación dos mesmos para o seu análise na aula. Esta actividade está vencellada coa Unidade didáctica Tema 3 de 3º ESO.

b) Realización dun dicionario biográfico de compositores. Nesta actividade presenta dous partes: busca de información en internet e a posterior realización dun arquivo de texto (tipo Word) onde se organicen alfabeticamente os datos atopados. Esta actividade desenvolverase na aula de informática en tres sesións lectivas. As dúas primeiras sesións dedicaranse a atopar en internet unha imaxe e unha breve biografía de cada un dos nomes dun listado de compositores proporcionado polo profesor; a terceira sesións dedicarase a ordear alfabeticamente e dar forma nun documento word os datos atopados. Esta actividade desenvolverase ao longo de 2º Curso ESO.

c) Realización dunha presentación en formato dixital para acompañar a exposición de traballos en grupo, en calqueira dos cursos.

d) Realizarse unha presentación en formato dixital para ilustrar o desenvolvemento dunha composición musical. Realizarase en tres fases: busca da imaxes, realización da presentación e visualización xunto coa audición da composición asignada. Esta actividade está vencellada coa unidade didáctica Tema 1 de 4º da ESO.

d) Introducción á informática musical: Funcionamento do programa gratuito MuseScore.

# ACHEGA AO PLAN DIXITAL

## RELIXIÓN 2022-23

Na clase de relixión potenciarase o uso das tecnoloxías da información. A lexislación introduce entre as oito competencias básicas a dixital.

En canto ao uso das TIC fomentáranse a partir das seguintes actividades en 1º, 2º, 3º e 4º da E.S.O:

1. A presentación de traballos que os alumnos realizarán a través da búsqueda en internet de información en páxinas Webs relacionadas coa materia.

2. Realización de traballos na aula virtual do centro.

3. Actividades interactivas para traballar didácticamente a Biblia

Webs relacionadas ca materia

[www.auladereli.es](http://www.auladereli.es)

[www.vaticanocatico.com](http://www.vaticanocatico.com)

Contén información sobre a vida dos santos, e demais temas relacionados co Vaticano.

[www.aciprensa.com](http://www.aciprensa.com)

Ofrece información sobre noticias de relixión católica.

[www.biblia.es](http://www.biblia.es)

Contén a Biblia online.

Traballarase os seguintes recursos audiovisuais:

☒ Imáxes para reflexionar individualmente.

☒ Música para traballar valores.

Documentais

# **PLAN DIXITAL TECNOLOXÍA 2022-2023**

IES RAMÓN OTERO PEDRAYO  
A CORUÑA

## **Departamento de Tecnoloxía**

### **XUSTIFICACIÓN**

Para o profesorado do departamento de Tecnoloxía a participación activa na consecución dos obxectivos propostos no Plan Dixital do centro resulta fundamental. Máis aínda tendo en conta que o propio currículo da materia de Tecnoloxía recolle de forma explícita, e non só de maneira transversal, un número importante de unidades relacionadas co ámbito das TIC. É necesario sinalar tamén que o departamento asume as materias de Tecnoloxías da Información e a Comunicación en 4º de ESO e de Educación Dixital en 3º de ESO co cal a implicación do mesmo na integración das TIC é total. Parece, sen dúbida, unha necesidade do noso tempo habilitar capacidades para que os alumnos adquiran unha parte significativa da súa aprendizaxe a través dos medios tecnolóxicos que a actual sociedade nos oferta. Non se trata de refugar os medios tradicionais se non de aproveitar as mellores posibilidades de cada fonte de coñecemento. Entendemos, en resumo, que non se pode alcanzar unha comprensión adecuada do mundo que nos rodea sen profundar nas posibilidades que nos brindan as novas tecnoloxías.

### **OBXECTIVOS**

- Potenciar o uso da informática como ferramenta de traballo no proceso ensino-aprendizaxe, utilizándoa de forma activa por parte de todo o alumnado.
- Fomentar o uso dos medios informáticos, facilitando o acceso a esta ferramenta por parte dos alumnos como medio de apoio e reforzo nas súas aprendizaxes.
- Favorecer a súa utilización por parte do alumnado nas súas tarefas cotiás: entrega de traballos, elaboración de horarios, programacións de estudo, diagramas, etc...
- Facilitar a procura de información e o tratamento crítico da mesma, como forma de coñecer o mundo da internet e as súas posibilidades de acceso á información.

- Utilizar programas e contornas que faciliten a súa aprendizaxe, favorecendo, ademais, a adquisición de habilidades, destrezas e coñecementos.
- Espertar o interese por coñecer outras realidades e darlles as pautas para acceder a unha información significativa. Potenciar a súa capacidade de razoamento e o seu afán de coñecemento.
- Utilizar o computador como medio de creación, de cooperación e de colaboración potenciando tanto a adquisición de valores sociais compartidos como a expresión das capacidades individuais.
- Utilizar o computador como medio de investigación para ampliar coñecementos e elaborar traballos para as diferentes materias.

## **DESENVOLVEMENTO.**

O Departamento de Tecnoloxía propón a realización de diferentes actividades para alcanzar os obxectivos propostos. As actividades, descritas a continuación, desenvolveríanse en función das posibilidades prácticas. Resulta moi ambicioso a realización de todas estas actividades polo que se realizarán todas aquelas posibles en función do tempo e dos medios técnicos dispoñibles.

### **Tecnoloxías da Información e da Comunicación 4º ESO**

- Actividades de identificación e clasificación dos compoñentes do computador e da función que desempeñan dentro do conxunto.
- Actividade básicas de organización e de almacenamento da información.
- Actividades básicas de configuración do sistema operativo.
- Actividades de produción de documentos relacionados co manexo de aplicacións ofimáticas: procesador de texto, folla de cálculo, presentacións...
- Uso do computador para a obtención e presentación da información.
- Actividades de intercambio e almacenamento de información e recursos a través de soportes extraíbles, redes locais e mediante Internet.
- Actividades de edición de imaxe e audio dixital.
- Actividades básicas de creación de páxinas web mediante o uso de editores web.
- Actividades de creación de documentos HTML.

## Tecnoloxía 4º ESO

- Almacenamento e organización da información en distintos soportes.
- Actividades relacionadas co manexo de simuladores de pneumática e hidráulica.
- Actividades relacionadas co manexo de simuladores de electricidade e electrónica.
- Actividades básicas de programación

## Educación Dixital 3º ESO

- Actividades de identificación das partes dun computador, así como do seu funcionamento e función no conxunto do sistema.
- Actividades de configuración básica do SO e de organización da información en distintos soportes.
- Actividades de produción de documentos con aplicacións ofimáticas e de deseño gráfico. Actividades de maquetación e de aplicación de estilos e formatos.
- Actividades de operacións básicas con follas de cálculo. Actividades de creación de gráficos.
- Actividades que incorporen edición básica de imaxes dixitais.
- Actividades de creación de presentacións mediante o emprego de diferentes plataformas.
- Actividades de creación de recursos nunha contorna de traballo colaborativo.
- Actividades de edición que incorporen estruturas básicas de programación.
- Actividades de programación que incorporen o uso de datos e variables.
- Actividades de desenvolvemento de aplicacións sinxelas para ordenadores ou dispositivos móbiles a través de contornas de programación gráfica.

## Tecnoloxía 2º ESO

- Identificación e clasificación dos compoñentes do computador e da función que desempeñan dentro do conxunto.
- Actividades básicas relacionadas co manexo de aplicacións ofimáticas: procesador de texto, folla de cálculo, presentacións...

- Uso do computador para a obtención e presentación da información.
- Actividades de intercambio e almacenamento de información e recursos a través de soportes extraíbles, redes locais e mediante Internet.
- Consulta de páxinas web.
- Activación e observación de ligazóns dentro de una mesma páxina web e entre páxinas distintas.
- Acceso a buscadores e realización de buscas de distinto tipo.
- Configuración e uso de contas de correo electrónico
- Conexión a Internet.
- Actividades básicas de programación en contornas gráficas
- Navegación en plataformas web de aprendizaxe

## Tecnoloxía e Dixitalización 1º ESO

- Identificación e clasificación dos compoñentes do computador e da función que desempeñan dentro do conxunto.
- Actividades básicas relacionadas co manexo de aplicacións ofimáticas: procesador de texto, folla de cálculo, presentacións...
- Uso do computador para a obtención e presentación da información.
- Actividades de intercambio e almacenamento de información e recursos a través de soportes extraíbles, redes locais e mediante Internet.
- Consulta de páxinas web.
- Activación e observación de ligazóns dentro de una mesma páxina web e entre páxinas distintas.
- Acceso a buscadores e realización de buscas de distinto tipo.
- Configuración e uso de contas de correo electrónico
- Conexión a Internet.
- Actividades básicas de programación en contornas gráficas
- Navegación en plataformas web de aprendizaxe

Ademais destas actividades existe o propósito, por parte do departamento, de potenciar o uso da Aula Virtual como ferramenta de traballo habitual. Neste sentido tentarase completar os cursos existentes dentro da categoría Tecnoloxía de maneira que dispoñamos de materiais adicionais para cada unidade didáctica en 1º e de 2º ESO. Crearanse cursos adicionais que permitan acadar os obxectivos establecidos para a materia de Educación Dixital en 3º de ESO. Continuarase incrementando o número de recursos dispoñibles para o alumnado de Tecnoloxías da Información e da Comunicación en 4º de ESO.



En canto á web dinámica o departamento de Tecnoloxía pretende ter unha páxina actualizada con información accesible e clara por parte do alumnado. Esta información referirase, basicamente, a materiais, resumos da programación e información sobre materias pendentes. Ademais proporcionarase outro tipo de información máis xenérica relacionada coa propia materia.

Desde o departamento de Tecnoloxía tense a intención de crear unha galería específica con mostras dos traballos dos alumnos. Para iso utilizaremos Coppermine, a ferramenta á nosa disposición dentro do noso sitio web.